



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021

Modalidade: Música, artes escénicas e audiovisual

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021(Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursoas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

En virtude do exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de música, artes escénicas e audiovisual, que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
CARLOS QUINTA CAGIDE	Actuacións da obra de teatro de monicreques musical "O galo Quirico" nos concellos de Toques, As Nogais, Vilardevós e Cervantes	PRESENCIAL / MATERIAL	3.520,00
GHAZAFELHOS SC	"Monstros no camiño": Estrea e 8 pases deste novo espectáculo teatral, para público infantil	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
DISCOTROMPO SL	"Mercedes Peón": Experiencia sonora circular nun contorno natural: o Monte Santiaguíño	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
CONTRAPRODUCCIÓN SL	"Fillos do Sol": 3 funcións de despedida do espectáculo	PRESENCIAL / MATERIAL	8.712,00
PALOMA LUGILDE RODRÍGUEZ	"Queres que cho conte no Camiño?": 5 representacións no Camiño Primitivo de Santiago en 2 días, dando a coñecer o noso patrimonio inmaterial de tradición oral	PRESENCIAL / MATERIAL	3.982,00
MANUEL TARRÍO CAO	"Un día espectacular": Proxecto interdisciplinario e transmedia no que se combina un documental ficcionado, un concerto e un videoclip	DIXITAL	4.000,00
CARAPPAUS SC	"Camiño da vida tola": gravación, edición, fabricación e presentación deste disco adicado ás músicas tradicionais que percorreron os diferentes camiños que levan a Compostela	PRESENCIAL / MATERIAL	6.900,00
LOSTREGAZOS SL	"A Roda ao vivo 2020", 2 concertos semiacústicos de canción popular galega	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
NAJLA EL SHAMI MARTÍNEZ	Concerto na Escola Municipal de Música Tradicional de Vigo (Etrad) da artista compostelá Najla Shami	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.999,84
ASOCIACIÓN CULTURAL TRES POR CUATRO	"Entre Padrón e Santiago": proxecto audiovisual de 4 videoclips filmados entre Padrón e Santiago de Compostela, última etapa do Camiño Português	DIXITAL	9.850,00
PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS SL	5 funcións do espectáculo "Mofa e Befas: dúas pedras no Camiño" e 1 función de "Quico Cadaval Conta" en diferentes localidades e vilas relacionadas co Camiño	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
XESCULTURA SL	Xornada "Cantas verbas" con 3 espectáculos escénicos e musicais	PRESENCIAL / MATERIAL	9.885,70
AANTENA SC	"Costa da morte": espectáculo teatral ao aire libre para dar a coñecer a cultura inmaterial da Costa da Morte a través das historias dos naufraxios que forman parte da historia e do imaxinario colectivo da comarca	PRESENCIAL / MATERIAL	9.991,63





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
MARÍA ESTHER FERNÁNDEZ CARRODEGUAS	"#Camiños": Comedia física e contemporánea que aborda a identidade galega como nexu conductor	PRESENCIAL / MATERIAL	3.993,00
ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA VELLA ESCOLA	"Ópera Break's": espectáculo que mestura Ópera (Emanarte) con DJ e breakdance	PRESENCIAL / MATERIAL	7.986,00
BANDA DE MÚSICA POPULAR DE TUI	"Orquestra de malabares": proxecto escénico que xunta o circo e a música da man de 6 malabaristas e dos músicos da Banda de Música Popular de Tui	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	8.978,95
ADARME VISUAL SL	"Ollar, escolma da fotografía galega contemporánea": proxecto documental e multimedia de divulgación cultural	DIXITAL	9.982,50
LUIS JAVIER IGLESIAS RODRÍGUEZ	"A raposa, o lobo e a pera con sete peras": creación e gravación desta obra de monicreques para a súa difusión on-line	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
ALBA BERMÚDEZ IGLESIAS	"O Camiño da Lingua": espectáculo teatral de pequeno formato que conta a historia de Xan, un rapaz que vai participar nun concurso no que terá que superar unha serie de probas relacionadas co Camiño de Santiago, coa cultura e a literatura galega	PRESENCIAL / MATERIAL	3.500,00
FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA	Residencia de creación e promoción de talento musical galego emerxente, dunha semana de duración, na que varios artistas noveis colaborarán na creación dunha peza musical en lingua galega.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.950,00
QUEIMAN E POUSA SLU	"Triloxía Meiga": proxecto cultural que engloba un conxunto de propostas artísticas deseñadas, ideadas e xestionadas polo equipo de Queiman e Pousa	DIXITAL	10.000,00
BUFETE DE COMUNICACIÓN Y LENDING EMPRESARIAL SL	"Cantos de amor": recitais de canción lírica galega sobre poemas inéditos de Xosé Neira Vilas	PRESENCIAL / MATERIAL	9.680,00
XOSÉ ANTÓN BOCIXA REI	"Barullo": Documental de 45 minutos sobre a diversidade musical, coa participación de 20 grupos	DIXITAL	4.000,00
URBANLAB SL	"#novodeseñogalego": serie audiovisual documental sobre creativos galegos dedicados ao deseño	DIXITAL	10.000,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
NOROINSTAL SISTEMAS E INSTALACIONES SL	“Imos de Romaría Tradicional Galega”: Posta en valor da cultura tradicional galega representada polas súas romarías tradicionais, practicamente desaparecidas, nas que o protagonismo era das numerosas bandas de música populares, que animaban a noite con bailables e pezas propias da nosa terra	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
ALEJANDRO SAMPAYO PARRA	“Roedores”: 2 representacións deste espectáculo	PRESENCIAL / MATERIAL	3.990,00
DEZA MUSIC SL	“As torres de Compostela 2”: segunda parte dun proxecto enlazado no cal se grava un documental promocional do Camiño de Santiago e un videoclip musical	DIXITAL	10.000,00
DANGA DANGA AUDIOVISUAIS	“Historias de vida”: documental de 50 minutos no que diferentes persoas do rural galego van contar a súa filosofía respecto da vida e das súas vidas	DIXITAL	10.000,00
CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE TORROSO	“Cantando á nosa terra”: Fomento da cultura galega a través da música cantada no Camiño de Santiago	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.723,00
PABLO SANTIAGO MARTÍNEZ	“Ver para ler”: proxecto de show TV ao redor da paisaxe e literatura galega	DIXITAL	3.896,20
MANUEL MAZÁS QUINTEIRO	“Música no Pedrón Santo”: posta en valor da vila de Padrón no Camiño de Santiago mediante un concerto lírico na igrexa Santiago de Padrón a cargo de Noa Outomuro e Alejo Amoedo	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
JORGE JUNCAL SOAGE	“Verán é diversión”: 6 concertos en familia do dúo formado por María Faltri e Jorge Juncal	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
ÁRTIKA CB	“Volta ao cole – Volta ao teatro”: Programación de espectáculos da campaña escolar, cancelados polo estado de alarma	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
MARUXIÑA FILM COMPANY SL	“Un flaneur de Compostela”: peza documental sobre a cidade de Santiago de Compostela dende a ollada do seu director e protagonista Alfonso Zarauza	DIXITAL	10.000,00
GALEMUSICA SL	“Cancións de ida e volta”: Repaso polas cancións multiculturais que unen as dúas ribeiras atlánticas, a cargo de Borja Queiza e Fernando Briones	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
MAURO TRASTOY LINDÍN	“Real / Virtual / Virtual / Real”: Exposición / experiencia artística. Publicación dixital que documenta unha serie de accións artísticas realizadas en domicilios.	DIXITAL	4.000,00
ASOCIACIÓN CULTURAL DONAIRE	“Folclore no Camiño”: Ciclo de actuacións musicais e de danza en vilas das diferentes rutas xacobeas	PRESENCIAL / MATERIAL	9.600,00
DIEGO BEA BESADA	O proxecto consistirá na realización e produción de 5 videoclips, en directo e a unha única toma de música e vídeo, de diferentes artistas	DIXITAL	3.902,25
JORGE MANUEL REY RIVAS	“As aventuras do Apalpador”: 4 representacións deste espectáculo de monicreques da compañía Larei Lará	PRESENCIAL / MATERIAL	3.872,00
BAÑOS FILMS SL	“Cine no Camiño”: Proxección de películas galegas en localidades do Camiño de Santiago	PRESENCIAL / MATERIAL	9.959,70
SAMUEL DIZ SIERPES	“Memoria da melancolía”: 2 concertos en dous espazos museísticos de Galicia	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA SLL	“A luz da lúa”: Realización dun espectáculo de circo, con técnicas de acrobacia, onde se pon en valor a nosa cultura e patrimonio	PRESENCIAL / MATERIAL	9.810,00
ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL SL	“Castelos que danzan”: Peza audiovisual para redes e webs, que mestura a danza coa arquitectura e o patrimonio cultural galego	DIXITAL	10.000,00
VENANCIO RODRÍGUEZ ASOREY	“O empapelado amarelo”: Realización de 2 funcións deste espectáculo	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
ZEITUN FILMS SL	“Por vir”: documental en que un grupo de mozos e mozas adolescentes fala sobre a súa visión da paternidade e a maternidade	DIXITAL	10.000,00
ASOCIACIÓN CULTURAL O FIADEIRO	“A última verbena”: 3 espectáculos ao aire libre, de baile e música tradicional, ambientados nas verbenas dos anos 30 e 40 de Galicia	PRESENCIAL / MATERIAL	9.600,00
ASOCIACIÓN DE DANZA DE GONDOMAR	“Gondomar en contacto”: festival de danza, con actividades de aventura e coñecemento do patrimonio e natureza galegos	PRESENCIAL / MATERIAL	6.224,00





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
AITANA CUÉTARA YÁÑEZ	“Os d’Abaixo” cumpren 10 anos e fan un percorrido polas súas músicas máis destacadas, xunto co seu novo repertorio, baseadas todas nos arquivos da música tradicional galega	PRESENCIAL / MATERIAL	3.993,00
ALMEIRO S. COOP. GALEGA	“A creación dixital emerxente en Galicia”: webdoc que procura amosar o potencial presente e futuro do sector	DIXITAL	9.994,60
NINGURES PRODUCCIÓN SL	“O Monte das Aras”: 4 representacións teatrais presenciais, e gravación en vídeo do espectáculo no Monte do Facho, en Cangas	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.788,00
SORAYA MARÍA CABRERA PARADELA	“Lixo”: 4 funcións deste espectáculo teatral infantil que trata a problemática do uso excesivo do plástico	PRESENCIAL / MATERIAL	3.600,00
LUCÍA PÉREZ VIZCAÍNO	Concerto en acústico de Lucía Pérez e videoclip da canción “Torres de Compostela”	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	4.000,00
GALICIANBLOND SL	“De Santiago á fin do mundo”: diario filmado de Isabel Blanco, peza audiovisual de 40 minutos na que esta actriz percorrerá as 4 etapas do Camiño de Santiago a Fisterra	DIXITAL	10.000,00
CARMEN DOMECH MARTÍNEZ	“Contacontos Novos Clásicos”: Gravación de 10 contacontos clásicos (narración oral, monicreques, elementos visuais; técnicas distintas cada un)	DIXITAL	3.800,00
GABRIEL PENABADE OUTEIRO	Representación da montaxe teatral “A pluma viva de Rosalía”: 4 funcións	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
INÉS PORTELA BARREIRO	“Unexpected Trip”: traballo de Manuel Gutiérrez	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.993,00
RAFAEL REY DOMECH	Gravación do espectáculo “O Varredor” da compañía The Moving Compass	DIXITAL	4.000,00
LIMIAR TEATRO	“8D”: Proxecto co que achegar por medio da tecnoloxía sonora de oito direccións 3 espectáculos teatrais en liña a persoas con cegueira ou discapacidade visual	DIXITAL	10.000,00
MARÍA FRANCE GONZÁLEZ CALVO	Vídeo musical para as cancións “Cantar do liño” e “Maneo de Xaviña” do grupo Fransy, Davide e Cibrán	DIXITAL	3.935,00





A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adxudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indícaránselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento. logo da correspondente xustificación.

2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
TODOMEDRE PRODUCCIONES SL	“Todomedre ao vivo”: novo ciclo de música ao vivo na Cidade das Burgas, pra darlles visibilidades a novos sons nos territorios da electrónica, indietrónica, sons urbanos e dreampop.	9.996,25	32,67	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA	Realización dun vídeo promocional e cesión dos documentais “A gran voda” e “A gran voda 2.0” subtitulados ao galego	10.000,00	28,00	Puntuación insuficiente	DIXITAL
EL FESTÍBULO SLU	“Festicultura no Camiño”: gravación de 3 temas en lugares emblemáticos do Camiño de Santiago Francés	10.000,00	31,33	Puntuación insuficiente	DIXITAL
DÍAS INTERMINABLES SL	“Pasado, presente e ¿futuro? Da escena musical galega”: Documental sobre a situación actual no sector	10.000,00	31,33	Puntuación insuficiente	DIXITAL
ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU	“Novos valores”: 3 pezas musicais protagonizadas por novos talentos da música galega que percorren localizacións do Camiño na súa propia ruta cara á profesionalización	9.988,55	34,67	Puntuación insuficiente	DIXITAL
ALFONSO GUTIÉRREZ CASTRO	“A luz no corpo”: 2 charlas e elaboración de pequeno manual sobre a luz nas artes escénicas, danza e teatro	4.000,00	28,00	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
EVENTOS EIDOS DE GALICIA SL	“Terras de queimada”: Tradicional conxuro con exaltación da terra galega	9.680,00	32,67	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
GERARDO COSTAS FERNÁNDEZ	“Focus”: curta documental inspirada nunha fundición de metal galega e nos seus traballadores	3.666,30	33,33	Puntuación insuficiente	DIXITAL
PAP MÚSICA SL	“As cacharelas?”: Comedia de concienciación interactiva a través do Camiño de dúas meigas, onde os principais valores e os verdadeiros tesouros son a nosa cultura e tradición galega	8.470,00	31,33	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL

3 Excluir os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
CUNDE S. COOP. GALEGA	“Entre bastidores”: protocolos, identificacións e sinalética unificada para os espazos de traballo culturais. Estudo, conceptualización e adaptación dos elementos da Sala Capitol e do Salón Teatro, en Santiago de Compostela, para que poidan acoller espectáculos e eventos coas restricións derivadas da covid-19.	9.680,00	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL
MUSICARTE REY SAAVEDRA SC	“Música das 2 orelas”: concerto conxunto de 2naFronteira e de Vatapá Quinteto, nun espazo a orelas do río Miño, con músicas de acá e de alá	10.000,00	Ausencia total de adecuación aos prezos de mercado	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
ASOCIACIÓN OCIONAUTAS	“Sesións da terra”: formato dixital de música en directo e entrevista a artistas noveles de Galicia. 9 audiovisuais dedicados a 9 bandas galegas, con 5 minutos de entrevista en galego e 9 concertos.	10.000,00	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
MIOLOS FILMES SL	“Encontros repetidos”: Webserie onde cada capítulo é unha historia de amor ou amizade ambientada na Galicia actual	10.000,00	Ausencia total de adecuación aos prezos de mercado	DIXITAL





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
MARTÍN PÉREZ FERNÁNDEZ	Curtametraxe documental sobre por que e como un artista se enrola no labor de reproducir un instrumento musical do Pórtico da Gloria	3.751,00	24,67	Memoria descritiva que careza de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración
MIGUEL IGLESIAS REVIEJO	500 copias dun disco de pop en galego da banda Ith.	3.970,00	Memoria descritiva que carece de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración	PRESENCIAL / MATERIAL
CLUB VIGO 100x100 DEPORTE	Representación do espectáculo de expresión corporal e danza A nosa terra queridiña, da Escola de Danza "Coruxo Dance".	8.687,80	Memoria descritiva que carece de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración	PRESENCIAL / MATERIAL
MR MISTO PRODUCCIÓN E SERVIZOS SL	Proxección do filme María Solinha en 4 concellos, 1 de cada provincia, en formato de autocine. Este proxecto xa está financiado polo FX21 a través da empresa Vía Láctea Filmes SL	9.997,02	Proxecto xa financiado polo FX21 a través da empresa Vía Láctea Filmes SL	PRESENCIAL / MATERIAL

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

